

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA E CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE, PARA A INSTALACIÓN DE REFUXIOS NAS PARADAS DAS LIÑAS DOS SERVIZOS DE TRANSPORTE INTERURBANO DE VIAXEIROS POR ESTRADA DE GALICIA.

### REUNIDOS

Dunha parte, Paula María Uría Traba, en nome e representación do Instituto Enerxético de Galicia, con domicilio na rúa Avelino Pousa Antelo, nº5 (15703 Santiago de Compostela) e na súa calidade de directora, cargo para o que foi nomeada polo Decreto 191/2020, do 20 de novembro, facendo uso das facultades do seu cargo e das que lle foron conferidas en virtude das atribucións que lle confire a Resolución do 10 de marzo de 2017 pola que se delegan competencias atribuídas á persoa titular da Presidencia da axencia Inega (DOG núm. 60, do 27 de marzo).

Doutra parte, Ethel M<sup>a</sup> Vázquez Mourelle, conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, facultada para a formalización deste convenio pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia en relación co Decreto 112/2020, de 6 de setembro, polo que é nomeada conselleira de Infraestruturas y Mobilidade.

Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente na calidade en que interveñen coa capacidade legal necesaria para o outorgamento deste convenio e para o efecto

### EXPOÑEN

**Primeiro.** Que o Inega é unha entidade instrumental do sector público autonómico con personalidade xurídica e patrimonio de seu para o cumprimento dos seus fins, que se constitúe en Axencia por Decreto 142/2016, do 22 de setembro, mantendo a súa adscrición a consellería competente en materia de enerxía, conforme ao establecido na Lei 3/1999, do 11 de marzo. Entre os seus fins están "o fomento, impulso e realización de iniciativas e programas de actuación para a investigación, o estudo e o apoio das actuacións de coñecemento, desenvolvemento e aplicación das tecnoloxías enerxéticas, incluídas as renovables, a mellora do aforro e a eficiencia enerxética, o fomento do uso racional das enerxías e, en xeral, a óptima xestión dos recursos enerxéticos dos distintos sectores económicos de Galicia, así como a participación na xestión e prestación, se é o caso, de servizos noutros campos sinérxicos ao enerxético, de acordo coas directrices do goberno no ámbito das súas competencias".



Que para o exercicio axeitado das súas funcións, o Inega pode establecer convenios e contratos con institucións públicas ou privadas, así como colaborar con outras Administracións para favorecer a adopción de medidas de aforro, de racionalización na produción, distribución e subministración de enerxía (art. 5 da Lei 3/1999).

**Segundo.-** A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, de conformidade co establecido no Decreto 110/2020, do 6 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, en relación co Decreto 130/2020, do 17 de setembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia, e co Decreto 65/2021, do 15 de abril, polo que se modifica o Decreto 26/2019, do 7 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, configúrase como o órgano da Administración da Comunidade Autónoma responsable de materializar as políticas impulsadas pola Xunta de Galicia en materia de infraestruturas, mobilidade e augas, co fin de contribuír decisivamente ao crecemento e desenvolvemento económico da nosa comunidade autónoma.

Mais en concreto no ámbito da mobilidade, correspóndelle á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade a planificación, coordinación, redacción de estudos e proxectos necesarios para o desenvolvemento e execución da oferta intermodal do transporte na Comunidade Autónoma de Galicia e das infraestruturas do transporte de viaxeiros/as, así como a proposta da súa adxudicación e explotación.

**Terceiro.** O financiamento deste proxecto farase con fondos do Programa estatal de incentivos a mobilidade eficiente e sustentable (Programa Moves II) regulado polo Real Decreto 569/2020, xestionado en Galicia polo Inega, mediante a actuación 4: “Implantación de medidas de mobilidade sostible ao traballo”, cunha intensidade de axuda máxima do 50%.

**Cuarto.-** As actuacións contempladas no presente convenio axustaranse en todo momento o establecido no Real Decreto 569/2020, de 16 de xuño, polo que se regula o programa de incentivos a mobilidade eficiente e sustentable (Programa MOVES II) e se aproba a concesión directa das axudas deste programa as comunidades autónomas e as cidades de Ceuta e Melilla.

**Quinto.-** A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade está interesada en fomentar a utilización do transporte público de viaxeiros, mediante a instalación de refuxios nas paradas das liñas de servizos de transporte interurbano de viaxeiros por estrada de Galicia.



Ambas as dúas partes, conscientes da necesidade de que se promovan accións relacionadas coa mobilidade eficiente e sustentable no ámbito do transporte público de Galicia, e dado o interese mutuo entre as partes, acordan asinar o presente convenio de conformidade coas seguintes

## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases da colaboración entre o Inega e a Consellería Infraestruturas e Mobilidade, para garantir a instalación de refuxios nas paradas das liñas de servizos de transporte interurbano de viaxeiros por estrada de Galicia, co gallo de fomentar a utilización do transporte público de viaxeiros, contribuíndo a una mobilidade mais eficiente e sustentable .

### SEGUNDA. FINANCIACIÓN

A financiación do obxecto deste convenio, cuxo custe é de UN MILLON DE EUROS ( 1.000.000,00 € ) será asumida polo INEGA nun 50% e pola Consellería de Infraestruturase Mobilidade, a través da dirección Xeral de Mobilidade nun 50%.

Nos orzamentos para o ano 2021-2022 da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e do Inega, existe dispoñibilidade económica axeitada e suficiente para facer fronte as actuacións establecidas neste convenio, sendo as aportacións e as anualidades asumidas por cada unha das partes as que se reflicten no seguinte cadro:

	Achega	2021	2022	Total	Aplicación orzamentaria
Consellería de Infraestruturas e Mobilidade	50%	0,00	500.000,00	500.000,00	09.02.512A.610.3
Instituto Enerxético de Galicia	50%	500.000,00	0,00	500.000,00	06.A3.733A.714.1
Totais	100%	500.000,00	0,00	1.000.000,00	



### TERCEIRA.- COMPROMISOS DA CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade comprométese a:

1. Financiar, con cargo aos seus orzamentos, as actuacións de instalación de refuxio obxecto deste convenio nun 50% do custe total da execución da instalación dos refuxios obxecto deste convenio
2. Executar as actuacións de instalación de refuxio das que é obxecto este convenio, que se desenvolverán nas paradas das liñas de servizos de transporte interurbano de viaxeiros por estrada de Galicia.
2. Cumprir cos requisitos que se especifican no Real Decreto 569/2020 e na demais normativa de aplicación na execución do proxecto.
3. Achegar ao Inega os documentos que acrediten a execución do investimento, así como os informes e demais documentos que poidan ser necesarios para atender os requirimentos do IDAE, organismo encargado da coordinación e seguimento do Programa Moves II a nivel nacional.
4. Someterse ás actuacións de comprobación que se efectuasen polo Inega, así como a calquera outra de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, nomeadamente a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, as comprobacións e verificacións a realizar polo Organismo Intermedio, a Autoridade de Xestión e a Autoridade de Control, e, no seu caso, polos órganos de Control da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo e outras instancias de control, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
5. Manter o investimento de que se trate para a finalidade e co carácter solicitado por un período mínimo de cinco anos unha vez rematado o proxecto, previsión que para o suposto de cofinanciamento con fondos comunitarios está recollida no artigo 71 do Regulamento (UE) núm. 1303/2013.
6. Manter un sistema de contabilidade separado ou un código contable axeitado que facilite unha pista de auditoría apropiada en relación con todos os gastos correspondentes cos investimentos realizados ao abeiro desta axuda e conservar a documentación xustificativa relativa aos gastos financiados durante un prazo de tres anos no caso de operacións cun gasto subvencionable



inferior a un 1.000.000€ a partir do 31 de decembro seguinte á presentación das contas nas cales estean incluídos os gastos da operación.

7. Conservar a documentación administrativa relacionada coas actuacións obxecto do presente convenio que, dada a súa natureza, lle corresponda custodiar, nos termos e prazos previstos no Regulamento (UE) núm. 1303/2013.

8. Ao tratarse duns proxectos cofinanciados con fondos estruturais da Unión Europea, en relación á publicidade do financiamento e de conformidade co previsto no anexo XII, apartado 2.2, do Regulamento (UE) nº 1303/2013, o beneficiario deberá:

a. En todas as medidas de información e comunicación que leve a cabo, o beneficiario deberá recoñecer o apoio do Programa Moves II e do Feder ao proxecto, incluíndo a imaxe institucional do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, o Programa Moves II, o Inega e mostrando o emblema da Unión, así como unha referencia á Unión Europea, e unha referencia ao Fondo, que dá apoio á operación, o lema do Fondo “*Unha maneira de facer Europa*”. Todas as medidas de difusión deben cumprir o Manual de Imaxe do Programa Moves II.

b. Durante a realización do proxecto, e durante o período de duración dos compromisos de mantemento do investimento, o beneficiario informará ao público do apoio obtido do Programa Moves II e do Feder: a) facendo unha breve descrición no seu sitio de internet, no caso de que dispoña dun, da operación, de maneira proporcional ao nivel de apoio prestado, cos seus obxectivos e resultados, e destacando o apoio financeiro da Unión. b) colocando nun prazo de tres meses a partir da conclusión da operación, polo menos un cartel con información sobre o proxecto (dun tamaño mínimo A3), no que mencionará a axuda financeira da Unión, nun lugar ben visible para o público, por exemplo na entrada dun edificio.

9. Posto que o proxecto leva cofinanciación comunitaria o beneficiario acepta a súa inclusión na lista de operacións á que fai referencia o artigo 115, apartado 2, e co contido previsto no Anexo XII, do Regulamento (UE) nº 1303/2013.

10. Reintegrar ao Inega o crédito adiantado que eventualmente non se execute conforme ao establecido neste convenio de colaboración.



## CUARTA. COMPROMISOS DO INEGA

O Inega comprométese a:

1. Asesorar á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade na interpretación do Real Decreto 569/2020 tanto nos aspectos técnicos como xurídicos.
2. Transferir á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade a sinatura do presente convenio na aplicación orzamentaria 09.02.512A.610.3, a cantidade máxima de cincocentos mil euros (500.000 €) para a execución das actuacións de instalacións de refuxio.
3. Realizar unha aportación económica total para a execución do proxecto do 50 % do orzamento executado que cumpra os seguintes requisitos ata un máximo de 500.000 €:
  - Os pregos de contratación da actuación deben estar publicados entre o 27 de xuño de 2020 e o 10 de setembro de 2021. Non serán elixibles aqueles investimentos que non publicaran os pregos de contratación no citado prazo.
  - O prazo máximo de execución e pagamento será de doce meses contados desde a adxudicación do contrato. No caso de que existan varios contratos para o desenvolvemento da actuación terase en conta a data de formalización do primeiro. O prazo máximo de execución poderase prorrogar un máximo de 6 meses adicionais previa xustificación da necesidade e acordo das partes.
  - Só se considerarán executadas as marquesiñas que no prazo máximo de execución estean efectivamente instaladas para o uso por parte dos usuarios do transporte público.

## QUINTA.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

1. A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade facilitará ao Inega a efectos de xustificación a seguinte documentación durante a vixencia do presente convenio:
  - a) Publicación da licitación no Diario Oficial da Unión Europea ou na plataforma que fora de aplicación.
  - b) Certificado da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade de que a adxudicación no expediente de contratación foi realizada de acordo co previsto na Lei de Contratos do Sector Público.



c) Unha vez rematada a obra instalación, certificado da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade no que se establezan as condicións de execución finais do proxecto, e que reflecta o importe final do investimento elixible.

d) Toda a documentación recollida no Anexo II do Real Decreto 569/2020 e a información requirida no Anexo IV do Real Decreto 569/2020 que resulte de aplicación ao proxecto.

2. O Inega levará a cabo a comprobación da execución dos investimentos que se realicen, debendo proceder a asignar os medios materiais e humanos necesarios para o seu desenvolvemento.

3. O Inega resérvase o dereito de solicitar toda a documentación que considere precisa, en relación coa xustificación do cumprimento do obxecto do convenio.

4. A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, atendendo ás certificacións de gasto presentadas por esta e validadas polo Inega comprométese a devolución do orzamento eventualmente non executado. En caso de falta de xustificación ou xustificación insuficiente procederá ao reintegro total do orzamento anticipado polo Inega.

#### **SEXTA.- REVOGACIÓN, REINTEGRO E RESOLUCIÓN**

A axuda concedida ao amparo deste convenio poderá ser obxecto de revogación ou reintegro, xunto cos xuros de demora, cando concorran as circunstancias previstas nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, nos artigos 74 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei de subvencións de Galicia e na Lei 38/2003, do 17 novembro, xeral de subvencións.

Será causa de reintegro total o incumprimento das obrigas establecidas para a Dirección Xeral de Mobilidade nas cláusulas deste convenio.

#### **SÉTIMA.- COMISIÓN MIXTA DE SEGUIMIENTO**

A comisión mixta de seguimento, integrada por dous representantes da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e por dous representantes do Inega, é o órgano de seguimento e resolución dos posibles conflitos que puidesen xurdir durante a vixencia do presente convenio.

A comisión de seguimento reunirse en sesión constitutiva no prazo dun mes desde a sinatura do presente convenio e poderá reunirse cantas veces o solicite unha das partes.

A Comisión de seguimento asumirá as seguintes funcións:



Velar polo cumprimento dos fins previstos neste convenio.

Realizar un seguimento das actuacións incluídas no presente convenio.

Estudar e propoñer, de ser o caso, calquera medida que, en relación cos fins do presente convenio, redunde no beneficio dos obxectivos perseguidos co mesmo.

Emitir informe respecto de calquera dúbida que se suscite na interpretación e /ou aplicación deste convenio.

## OITAVA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Serán causas de resolución do presente convenio:

- O transcurso do prazo de vixencia establecido sen que se leve a cabo o obxecto do mesmo.
- O mutuo acordo entre as partes.
- A imposibilidade sobrevida para o seu cumprimento non imputable a ningunha das partes asinantes.
- A denuncia motivada de calquera das partes formulada cunha antelación de dous meses; neste caso, a parte que materialice a denuncia unilateral do convenio asumirá os custes que desta se desprendan en relación cos traballos xa executados e as indemnizacións que se poidan deducir dos expedientes de contratación tramitados.
- A denuncia motivada dunha das partes por incumprimento total ou parcial pola outra parte das obrigas asumidas en virtude deste convenio.

En calquera suposto de resolución anticipada do convenio, as partes comprométese a continuo ata o remate das actividades en curso.

A liquidación das obrigas en caso de resolución anticipada realizarase mediante prorrateo dos custos entre as partes, ata o límite das contías económicas máximas respectivamente comprometidas polas mesmas.

## NOVENA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

As partes están obrigadas a cumprir coas normas sobre a protección de datos de carácter persoal, en concreto, co disposto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao



tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, e polo que se derroga a Directiva 95/45/CE.

Os asinantes manifestan o seu consentimento ou autorización para que os seus datos persoais que constan no presente convenio e mailo resto das especificacións contidas no mesmo, podan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

#### **DÉCIMA.- RÉXIME XURÍDICO E RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS.**

Este convenio ten natureza administrativa, rexéndose polas cláusulas que nel se establecen e, no seu defecto, polo regulado na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei de subvencións de Galicia e na Lei 38/2003, do 17 novembro, xeral de subvencións e demais normas de procedente aplicación.

As cuestións litixiosas xurdidas da interpretación, desenvolvemento e aplicación do convenio serán resoltas pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra estes acordos poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

#### **DÉCIMO PRIMEIRA.- VIXENCIA**

A vixencia deste convenio será desde o día seguinte ao da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2022, podendo prorrogarse por acordo expreso das partes manifestado con anterioridade á data de súa finalización, de conformidade co disposto na letra h) do 49 da Lei 40/2015, de 1 de outubro.

#### **DÉCIMO SEGUNDA.- CONCORRENCIA DE FINANCIAMENTO**

O importe das cantidades recibidas polo obxecto deste convenio non poderá en ningún caso ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas doutras administración públicas ou doutros entes públicos ou privados supere o custo da actividade a desenvolver.



Non obstante, e de acordo co establecido no artigo 65.11 do Regulamento (UE) 1303/2013, modificado polo Regulamento Ómnibus (2018/1046), unha operación poderá recibir axuda de un ou varios Fondos EIE ou de un ou varios programas e doutros instrumentos da Unión, a condición de que o gasto declarado na solicitude de pagamento correspondente a un dos Fondos EIE non se declare para solicitar axuda de outro Fondo ou instrumento da Unión, ou axuda do mesmo Fondo no marco dun programa distinto. O importe do gasto que deberá consignarse na solicitude de pagamento dun Fondo EIE pode ser calculado para cada Fondo EIE e para o programa ou programas de que se trate a prorrata, de conformidade co documento no que se establezan as condicións da axuda.

### **DÉCIMO TERCEIRA .-INFORMACIÓN PÚBLICA**

De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade publicará no Diario Oficial de Galicia e na páxina web oficial o importe da axuda concedida. A sinatura do convenio leva implícito o consentimento expreso do beneficiario a favor da Administración concedente para o tratamento necesario dos datos relevantes da axuda concedida e a súa publicación.

Así mesmo, en cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a información requirida será comunicada á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

E para que así conste, en proba de conformidade coas cláusulas deste convenio, as partes asinan electronicamente este documento.

A conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, Ethel María Vázquez Mourelle

P.D. (Resolución delegación de sinatura 02/09/2021)

O director xeral de Mobilidade, Ignacio Maestro Saavedra

A directora xeral do Instituto Enerxético de Galicia, Paula María Uría Traba

